



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA-URXENTE DO 31 DE XULLO DE 2020

ORDE DO DÍA

1.- Ratificación da urxencia da convocatoria. Ratifícase a urxencia da convocatoria.

2.- Proposta da alcaldía relativa á resolución da convocatoria de concesión de cheques de consultoría do programa COIDAR PARA MELLORAR. Anualidade 2020. Acórdase conceder os cheques de consultoría para as modalidades de acondicionamento físico (4 cheques), escaparatismo (8 cheques), comunicación (4 cheques), mercadotecnia (10 cheques), comercio electrónico (11 cheques), e innovación (6 cheques).

3.- Proposta da alcaldía relativa á resolución da convocatoria de axudas para a reactivación económica do comercio local. Anualidade 2020. Acórdase conceder as axudas a 49 das 51 solicitudes presentadas, por cumprir as bases da convocatoria. O importe total das axudas outorgadas é de 26.547,96 euros, quedando en consecuencia, un crédito remanente de 73.452,04 euros, que queda liberado.

4.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación do convenio entre o concello e a Asociación AREA EMPRESARIAL DO TAMBRE para fomentar e impulsar o desenvolvemento dun polo de biotecnoloxía, e outros obxectivos enmarcados no pacto pola industrialización de Compostela no marco do programa COMPOSTELA MÓVESE 2020, covid-19. Apróbase o modelo de convenio que se achega coa Asociación Área Empresarial do Tambre e no que se recolle unha subvención nominativa, por parte do concello de Santiago, por valor de 50.000 euros. O obxectivo do convenio é subvencionar parte dos gastos necesarios para que a Asociación Área Empresarial do Tambre de Compostela realice durante o ano 2020 distintas accións encamiñadas ao desenvolvemento dun Polo de Biotecnoloxía e outras no marco do Convenio de A Sionlla, ademais de colaborar co servizo de vixilancia da área empresarial.